

AXUDAS NOMINATIVAS 2017

EXTRACTO DO CAPÍTULO 3º DO TÍTULO III DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA 2016

CAPÍTULO 3º. SUBVENCIONS

BASE 30ª. NORMAS XERAIS

A xestión e concesión de subvencións e axudas polo Concello de Xove deberá realizarse de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. Serán de aplicación a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove así como a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e os regulamentos de desenvolvemento das mesmas no que sexa de aplicación ás entidades locais.

As convocatorias de axudas deberán publicarse en todo caso na páxina web do Concello de Xove.

BASE 31ª. SUBVENCIONS NOMINATIVAS E DIRECTAS

De acordo co disposto no artigo 28.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 19.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como o previsto no artigo 15 letra a) do proxecto de Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove, asígnanse nominativamente as axudas ás seguintes asociacións para o exercicio 2017, e polo seguintes importes, que en todo caso operan como contía máxima e terán a consideración de importe certo, de acordo co disposto no artigo 32.2 do RD 887/2006, de 21 de xullo:

DENOMINACION DO PERCEPTOR E/OU ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	PARTIDA	CONTÍA €
ASPANANE, actividades 2016 (Transporte e actividades de lecer)	231.489	1.200,00
Asociación de mulleres Bolboretas, actividades 2017	231.489	2.000,00
Asociación Enfermo Mental da Mariña, actividades 2017 (Transporte e outras)	231.489	1.200,00
Prestoxove, orquestra de cámara	326.489	22.400,00
A.N.P.A. Ceip, actividades 2017	326.489	3.500,00
Asociación Saíñas, actividades 2017	334.489	15.000,00
Asociación Cultural TechnoXove, festa da xuventude 2017	338.489	6.000,00
Asociación Cultural Deportiva "Xove", actividades deportivas 2017	341.489	21.000,00
A.C.D. Pau da Vella, actividades culturais e deportivas	341.489	3.000,00
U.D. Xove-Lago, tempada 2017	341.489	40.000,00
Clube de Natación Xove, tempada 2017	341.489	25.000,00
Xove Fútbol Sala, liga 2017	341.489	20.000,00
Clube Ciclista Komando Xoviético, actividades 2017	341.489	2.000,00
Asociación Amigos Cabaleiros da Medela, feira do cabalo	412.489	2.000,00
Comunidade de Montes Laxamoura, feira de gando de S. Bartolo	412.489	2.000,00

ACIAM Xove, organización feira multisectorial e outros 2017	431.489	10.000,00
---	---------	-----------

Estas axudas poderán ser compatibles con calquera outra que se poda percibir de administracións públicas ou entes privados, non obstante, o seu importe non poderá ser de tal contía que, ailladamente ou en concurrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou de outros entes públicos ou privados, xa sexan nacionais ou internacionais, supere o orzamento do proxecto para o que se solicita.

BASE 32ª. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR DAS SUBVENCÍONS NOMINATIVAS E DIRECTAS

As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que a tal efecto estableza o Concello, e deberán vir asinadas polo representante legal da asociación, con indicación do domicilio aos efectos de notificacións.

A documentación a presentar será a seguinte:

- 1) Fotocopia do CIF da entidade
- 2) A memoria explicativa das actividades ou proxectos que se pretenden realizar, con explicación dos obxectivos que se pretenden acadar.
- 3) Orzamento de ingresos e gastos da actividade, con expresión do financiamento previsto
- 4) Certificación da conta bancaria á que se pode transferir o importe da subvención. Unha vez aportada dita certificación, non será necesario este documento caso de ser beneficiario dunha subvención municipal en vindeiros exercicios.
- 5) Declaración responsable de non atoparse incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario, no modelo que se facilitará ao efecto
- 6) Declaración responsable de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove, no modelo que se facilitará ao efecto
- 7) Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin
- 8) Compromiso firme de comunicar ao Concello a concesión de calquera axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade, no modelo que se facilitará ao efecto.

Eximirase, no seu caso, da presentación da xustificación de estar inscrito no Rexistro Municipal de Asociacións, que será xestionado de oficio.

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro de Entrada do Concello desde o momento no que entre en vigor o Orzamento Municipal de 2017 **e ata o 15 de outubro de 2017** e poderán solicitarse para calquera gasto que tendo a condición de subvencionable se realice dentro do propio exercicio 2017.

BASE 33ª. PAGAMENTOS ANTICIPADOS

Como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, efectuarase un pagamento anticipado do 70% do importe a conceder, no momento da súa solicitude. Caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

BASE 34ª.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN E ÓRGANO COMPETENTE

Unha vez presentada toda a documentación que se require pola Base 42ª e fiscalizado de conformidade o expediente pola Interventora Municipal, a solicitude elevarase á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver.

No procedemento non figurarán nin serán tidos en conta outros feitos, alegacións ou probas aducidas polos interesados polo que o acordo da Xunta de Goberno local terá o carácter de resolución definitiva e será notificada a cada interesado de xeito individual.

BASE 35ª. FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

1.- A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que debrá comprender:

1) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha relación desagregada por conceptos de gasto nos que se incurriu para o desenvolvemento da actividade subvencionada

3) Detalle de cada un dos gastos que se presenta como xustificante da axuda concedida no que se indiquen os datos do proveedor, datos das facturas presentadas e importe subvencionable. Facilitarase modelo ao efecto

4) Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no periodo subvencionable.

Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión "documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para". Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptarase a xustificación do pagamento mediante "recibín" do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo receptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados **como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión "pagado" estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente.** A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

5) Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

6) No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

7) Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o petionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.

Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.

8) Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin

9) Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).

10) Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

2.- A xustificación das subvencións deberá realizarse **antes do 20 de decembro** do ano correspondente.

3.- Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

Bases de execución aprobadas polo Concello Pleno na súa sesión de 20 de decembro de 2016